

# Dominio da brevidade



VICENTE ARAGÜAS



**MÚSICA ANTIGA**  
RICARDO MARTÍNEZ-CONDE  
Follas Novas, Vol. 68 da colección Libros da Frouma. Santiago, 2012.

**H**ai tempo que Ricardo Martínez-Conde transita, en galego, en español ou polo terreo da economía expresiva. O que en poesía é tanto como aponstar a un albo que se nos presenta entre brancuras absolutas.

Nada pois desas misturas cebrunas das dianas “comme il faut”. Non, o Ricardo Martínez-Conde, perdida hai moitos anos a inocencia, negador do axioma que sostén que a poesía é cousa de novos, (¿el por que?, Rimbaud é un caso tan excepcional como o seu remate, en Abisinia, traficante de armas), e prefire o deserto branco no que se perde, ou camuflan, as poéticas niveas, música da neve no mar, algo así. E algo así resultan os poemas de *Música antiga* (Libros da Frouma, Santiago, 2012), o último libro de Ricardo, parente (por certo) lonxano do volume de haikus eróticos de Elvira Riveiro Tobío, que comentei aquí recentemente. E falo dun parentesco en lonxanía porque sendo os dous practicantes do haiku, ese choio oriental tan delicado como “A casa de té da lúa de agosto” que nos asombrara (abraio) e nos asombrara (sombra) aquel

“...O haiku é máis que unha estratexia poética de cinco-sete-cinco sílabas (ou non), predicador da estación na que se deseña (ou tampouco).”

verán adolescente que nunca daremos esquecido, a Elvira ten un aquel ortodoxo que contrasta coa heterodoxia do Ricardo. Un home, este, quen nos explica cousa é o haiku nun prólogo sabedor e sabido, publicado con anterioridade no número 13 do BGL, en 1998.

Cando isto do haiku non se fixera aínda moda e a poética de Martínez-Conde aspiraba xa a falar tan caladiño cal o amor aquel de Bob Dylan, “My love she speaks like silence”, a memorable canción que empreguei para titular a miña escolma dylaniana, *Meu amor fala caladiño*, agardando aínda a man, de neve ou non, que saiba poñela

en marcha. No interín escoito de novo Tempest e leo, e volvo ler, *Música antiga*, entendendo que o haiku é máis que unha estratexia poética de cinco-sete-cinco sílabas (ou non), predicador da estación na que se deseña (ou tampouco).

Que o haiku, dinos Ricardo Martínez-Conde, é máis que todo iso. Que o haiku, en fin, é unha filosofía. Vital, enteira, absoluta. Non unha filosofía de andar pola casa senón de andar por aí fóra, atopando a natureza. Atopándose o poeta coa natureza que cala ou musita cousas coa meirande espontaneidade. A natureza convencional, mais tamén a que xorde no sentimento namorado, a que se reiventa nas partes do día viaxando cara á noite. A que se chama calma ou quietude pedindo silencio.

Este libro, caro lector, non é un surtido de xaponerías, nin sequera unha árbore (hainas aquí tamén, como nesta mostra: “Unha rula/na póla do cedro./ A quietude./”) das que chaman xaponeses. Isto é un invento, vello e novo como o mundo, que se chama poesía. Precisamente (cinco sílabas, para abrir ou pechar un haiku, ou non).

máis Libros

## UN DOS TESOUROS DA COCIÑA GALEGA

**COCIÑAR CON ALGAS**  
EVA CRESPO VÁZQUEZ  
Galaxia / 20 euros

No presente e necesario volume a cociñeira Eva Crespo explora unha riqueza da gastronomía galega aínda por explotar: as algas, das que na costa galega hai máis de 40 variedades. Crespo ofrécenos 80 completas receitas nas que as algas achegan un toque especial para conseguir un resultado exquisito en diferentes tipos de platos, xa sexan sopas ou cremas, potaxes, primeiros ou segundos platos, de acompañamento ou como postres. A través do libro descubriremos as virtudes da “Cociña Atlántica” a partir de pratos moi variados e sinxelos. Un mollo de propostas culinarias nas que o sabor e a saúde van da man e nas que se reivindica un produto galego cada día máis usado nas mellores cociñas do mundo. Como vexetariana Crespo chegou ao mundo das algas na percura de nutrientes que non lograba ao non alimentarse con carne. A partir de aí descubriu as inmensas posibilidades das algas das que dan fe as novas empresas que se adican á comercialización destes produtos en Galicia. O traballo explica á perfección o xeito de preparar estas receitas cunhas espectaculares fotografías e inclúe un prólogo de Clemente Fernández Súa (Algamar) e un índice de ingredientes.



## O XENIO DE MARK TWAIN EN ESTADO PURO

**UN IANQUI NA CORTE DO REI ARTURO**  
MARK TWAIN  
Kalandraka / 20 euros

Regresa a editorial Kalandraka ao mundo de Mark Twain a través da súa colección Narrativa K. E faino con esta novela á que o cinema rebaxou a súa dose de ironía e crítica social como unha narración para tódolos públicos (como “as viaxes de Gulliver”, por poñer un exemplo). Se Mark Twain (1835-1910) é un dos escritores que mellor exemplifica as contradicións do seu tempo, a súa inmensa confianza nos proxectos tecnolóxicos da última metade do século XIX e, á vez, o seu escepticismo e desilusión que o mesmo progreso causáballe. Así, “Un ianqui na corte do rei Artur” é o fiel reflexo desa dicotomía. Empeza burlándose e satirizando o pasado medieval e acaba cuestionando a superioridade do presente moderno e industrializado. Publicada en 1889, comeza co encontro casual do autor cun turista americano durante unha visita ao castelo de Warwick, na parte central de Inglaterra. O excéntrico forasteiro, Hank Morgan, que fora mecánico nunha fábrica de armas de Connecticut, narra a Twain a súa sorprendente historia, recollida nun vello manuscrito. Excelente versión ao galego de Carlos Acevedo.

